

unha importante contradición segundo a cal, avógase por un liderado distribuído e pedagóxico; pero dende o *modus operandi* dun directivo de empresa. Ademais, de ser en verdade un liderado compartido, requiriría a participación real de toda a comunidade educativa, sen centrarse exclusivamente na figura do director ou directora, o cal é moi difícil que aconteza, xa que o liderado se sustenta sobre unha rede de influencia informal que recae normalmente na dirección e como dixemos anteriormente, este é un factor que tende a crear división entre esta e o profesorado.

No capítulo sexto, a autora céntrase en cuestións tan novidosas como son os aspectos emocionais e que non foron abordadas con frecuencia cando se fala da dirección; a pesar da relevancia indiscutible que cumpren en toda acción directiva. Rosa Vázquez céntrase nomeadamente en dous deles, a soidade da dirección e a confianza. O primeiro alude á autorreflexión particular que require este cargo; pero tamén á falta de apoio por parte da comunidade creando un illamento en torno á figura directiva. Pola súa parte, a confianza, baluarte fundamental do labor directivo, pode verse socavada polas intrigas existentes en torno ó mesmo. Con isto a autora pretende evidenciar que de nada serven o liderado, as competencias, a profesionalización e a formación do director, se non se atenden tamén a parte humana e as relacións que se establecen no marco da organización escolar.

No derradeiro capítulo, que se caracteriza por ser o máis breve, pero á súa vez o máis logrado e ilustrativo, a autora presenta dez consideracións que parten dun principio básico consonte o cal, a dirección escolar ha de ser efectuada dende parámetros intrinsecamente educativos,

ha de ser entendida como un compromiso asumido por todos e todas e fundamentado no intercambio mutuo de coñecementos e experiencias. Do mesmo xeito, o centro neuráxico será compartido pola dirección e o colectivo educativo, feito que fomentará o sentido de pertenza á institución e por último, pero non menos importante, sempre se ha de ter en consideración a especificidade de cada centro.

Aquí só se inclúe un pequeno adianto das achegas que realiza Rosa Vázquez; de xeito que é preciso proceder á lectura desta obra para comprender o alcance das súas contribucións na súa plenitude.

Noelia PÉREZ VARELA



SÁNCHEZ DE MADARIAGA, E. (Ed.) (2012). *Las maestras de la República*. Madrid: Catarata.

Las maestras de la República constitúe un fermoso relato arredor das vidas e condutas profesionais daquel sector do

maxisterio feminino que manifestou unha específica empatía cos mellores ideais socio- políticos da II República española; un relato, no que as mestras republicanas, co seu compromiso social, ideolóxico e profesional, son protagonistas. A implicación social, cultural e educativa destas mestras foi clave na construción dunha educación que aspiraba a desenvolver unha cidadanía democrática, no seo dunha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria. As súas vidas, testemuñas do compromiso coa educación, son merecedoras de recoñecemento e homenaxe, como en boa medida esta obra pretende lograr. O volume, froito dun traballo encargado pola Fundación Pablo Iglesias e pola Federación de Enseñanza da UXT, e que recolle as achegas presentadas nas xornadas *Las maestras de la República. Una historia para el recuerdo*, inspirou a creación do documental homónimo que foi seleccionado como *Mellor Película Documental* dos Premios Goya 2014.

As mestras da II República española foron quen de comprometerse na conquista dos dereitos das mulleres e na modernización da educación, facendo sentir á sociedade a necesidade dunha escola pública, obrigatoria, gratuíta, activa, laica, bilingüe, solidaria e democrática. Ser muller e mestra supoñía, xa de por si, o trasladado de valores de igualdade a unha sociedade na que o rol da muller era relegado ao plano do fogar; isto, unido ao seu interese por desenvolver un discurso propio no eido educativo inspirado nos valores da Institución Libre de Enseñanza e na pedagogía activa propia do movemento internacional da Escola Nova, á súa disposición a innovar e a investigar, e ás súas implicacións políticas e sindicais, rompía cos moldes prototípicos

do tradicionalmente considerado feminino nunha sociedade patriarcal como a española.

Todos os cambios que aforaron coa Segunda República e que posibilitaron por vez primeira na historia española que as mulleres lograsen o dereito á participación pública e que a súa voz fose tamén escoitada no plano privado, víronse truncados pola depuración franquista, a represión e o exilio, que afectou especialmente a mestres e mestras, transmisores dunha ideoloxía que non encaixaba co pensamento do réxime ditatorial. Moitas destas mestras continuaron o seu labor docente durante a Guerra Civil, sufrindo as consecuencias de tal barbarie, pero non por iso cesaron os seus folgos na procura pola equidade entre homes e mulleres e por unha educación pública e democrática.

No primeiro capítulo da obra, Consuelo Flecha García realiza un percorrido que nos permite apreciar o modo no que as mulleres, mestras e alumnas, aproveitaron as oportunidades brindadas coas transformacións políticas e sociais sucedidas no primeiro bienio republicano; deseguido, María del Carmen Agulló Díaz, destaca como ditos cambios e logros foron posibles mercé ao papel das mulleres e das mestras. A continuación, Carmen María Sánchez Morillas mergúllanos no mundo rural e no importante labor das mestras nesta contorna. Por outro lado, Carmen García Colmenares trasládanos á Guerra Civil, mostrándonos o extraordinario papel de mulleres, psicólogas e mestras nas colonias escolares. Sobre o traballo das mestras durante este período tamén nos fala Herminio Lafoz Rabaza, centrándose na acción das mestras socialistas en Aragón.

A represión das mestras é a dramática cuestión abordada por parte de Sara Ramos Zamora; á que se engade o traballo de Olegario Negrín Fajardo, que estuda na súa contribución os expedientes de depuración de catro mestras canarias; e, tamén, a achega de Carmen de la Guardia Herrero, quen centra o seu texto no exilio das mestras republicanas. O capítulo que pecha a obra, de María del Mar del Pozo Andrés ofrece un interesante e necesario exercicio de definición sobre que comprendemos por mestres e mestras republicanas, propoñendo conceptos específicos que permitan identificar tal sector de ensinantes caracterizado polo “republicanismo pedagóxico” do que fala a autora.

As realidades que podemos valorar a través desta obra hoxe son referentes, nuns momentos nos que os nosos dereitos, logros polos que outras e outros antes loitaron, poden verse asolagados. Os ideais que as mestras republicanas defenderon deben ser bandeira no camiño cara o que aínda non se conseguiu: liberdade, igualdade e fraternidade.

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC

IGLESIAS VEIGA, J. R. *Arquitectura e Indianos na cidade de Vigo e bisbarra*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2013, pp. 319.

O éxodo que leva ás clases populares desde o mundo rural aos asentamentos urbanos, produto da primeira Revolución Industrial, trae como una das súas consecuencias o caos social e urbano derivado da explosión demográfica e da

inexistente planificación urbanística. Neste proceso, a sociedade foise artellando na aglomeración de grandes grupos humanos ao carón dos centros produtivos e comerciais, que non estaban preparados para acollelos. E os campesiños, reconvertidos en proletarios industriais, padecen as condicións impostas polo que se denominou “capitalismo salvaxe”: longas xornadas de traballo e salarios exiguos; amoreamento humano en infravivendas sen condicións de hixiene e habitabilidade, que facilitaban a difusión de epidemias. Condicións, en fin, de semiescravidade e pobreza extrema que crean tensións sociais, marxinação e desarraigo, especialmente na infancia.

É así como os organismos públicos teñen que dar resposta ás necesidades do incipiente proletariado urbano, en reacomodo dentro da sociedade burguesa. E a súa reorganización tenta establecerse baixo novos paradigmas que deixan atrás o modelo medieval, introducindo o urbanismo como un novo concepto na planificación social. Neste contexto de transformación, aparece a escola pública, xa non só como o lugar de aprendizaxe de saberes básicos, necesarios para o desenvolvemento do sistema capitalista e da formación de produtores máis ou menos disciplinados, senón como un recinto de custodia e control desa infancia proletaria que padece o desarraigo, a marxinação e o pauperismo camiño da delincuencia. De xeito parello, a desnutrición, o esgotamento, o alcoholismo e as enfermidades infecciosas fan presa no traballador urbano, e emerxe así mesmo o discurso hixienista, que se difunde polos Estados europeos e americanos na segunda metade do XIX e que aquí se introduce a través dos institucionalistas,